

XIV CONGRESO DE CERAMOLOGÍA. QUINTA COMUNICACIÓN

LAS ASOCIACIONES DE LA ALFARERÍA DE AGOST (ALICANTE)

Ilse Schütz
Museo de alfarería, Agost (Alicante)/Hamburg

Agost, un pueblo en la provincia de Alicante, que es conocido por su típica alfarería blanca, principalmente por los botijos que refrescan el agua (**figura 1**).



Figura 1. „Horno árabe“ con botijos. Museo de Alfarería, Agost (Alicante), 1985. Autor: Marce Morante.

Hasta la segunda mitad del siglo XIX la alfarería de Agost era un oficio a pequeña escala abasteciendo a los pueblos vecinos con vasijas utilitarias como cántaros, bebederos, lebrillos, morteros orzas etc.

Con las mejoras de las carreteras, nuevos medios de transporte como las redes ferroviarias y los barcos a vapor, además de las colonias y la emigración durante el siglo XIX los alfareros encontraron nuevos mercados tanto en el ámbito nacional como en regiones de ultramar.

Si el alfarero antes desarrolla su venta en contacto directo con sus clientes, lo pierde con las distancias largas. La venta se realiza a través de mayoristas y encargos por escrito. Nuevas estrategias de venta se imponen y los alfareros de Agost se sirven de ellas como cualquier otra industria o actividad comercial. Se anuncian en guías comerciales de la provincia, en las guías comerciales de Baililly-Balière etc. y se asocian. Además, es

la época en la que nacen muchas asociaciones con fines muy diversos, ya sean sociales, culturales o comerciales (Schütz, 2006, 45-59; 137-156).

De la alfarería de Agost conocemos cuatro asociaciones a lo largo del siglo XX, tres de ellas con fines comerciales, una de carácter sindical Schütz (2006, 231-235).

Entre las tres asociaciones comerciales la primera, la *Unión Alfarera*, se crea en el año 1911 con una duración ilimitada (**figura 2**). Según artículo 1.3 de los estatutos „El objetivo de la presente es fomentar la industria alfarera de la villa y regular su ejercicio“ (Nota 1, art. I,1-3).



Figura 2. Estatutos de la *Unión Alfarera* de Agost, 1911. Fuente: Ajuntament de Novelda, Arxiu Històric, no. B. 9.426.697.

Otra de ellas es la *Sociedad Unión Alfarera de Agost* de la que tenemos noticia hacia los años 1930 (**figura 3**). No conocemos sus estatutos. Por el contrario, se conservan los de de la *Unión Alfarera S.a. de Petrel* la que en 1929 inscriben cuatro alfareros de este pueblo vecino (Nota 2; Rico, 1996, 45-46). Puesto que tanto los nombres de estas dos asociaciones como los catálogos son iguales (**figura 4**), es de suponer que los estatutos de la *Unión Alfarera* de Agost fuesen similares a los de Petrel.

En ellos el primer objetivo es: „Evitar la competencia actual de los productos de los asociados por medio de la unificación de precios de venta de los productos de las fábricas asociadas“ (Nota 2, art. 3.a).



Figura 3. Estatutos de la *Unión Alfarera S.a.* de Petrel, 1929. Fuente: Registro Mercantil de Alicante, no. 007939.



Figura 4. Arriba: Portada de un catálogo de la Sociedad Unión Alfarera de Agost, hacia 1930. Abajo: Portada de un catálogo de la Compañía Exportadora, Agost hacia 1948, utilizando el modelo de la asociación anterior. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

La última de las tres asociaciones comerciales, la Compañía Exportadora de Agost, Petrel y Sax, S. L. se funda en 1947 (figura 5). „La Sociedad tendrá por objetivo la venta y exportación, a los distintos puntos consumidores de España y países extranjeros, de géneros de alfarería fabricados en los pueblos de Agost, Petrel y Sax, procurando acrecentar el prestigio y expansión comercial de dichos productos“. La duración se fija en 10 años con la posibilidad de prórroga (Nota 3, art. 1.2; 1.4).

De esta última asociación se conservan varios documentos e informaciones orales de personas involucradas, lo que permite conocer sus motivos y funcionamiento y compararlo con las uniones anteriores.

La regulación de la venta en las tres asociaciones está establecida en los artículos siguientes:

Unión Alfarera de 1911 (Nota 1)

Artículo 10. „Las ventas del género elaborado en las fábricas de los socios se realizan todas al contado no pudiendo verificarse ninguna en esta plaza ó sea fábrica sin la intervención y autorización de la comisión investigadora“.

Artículo 11. „No podrá realizarse ninguna venta sinó á los precios de la tarifa que para cada pieza forma la Junta General“.

Artículo 12. „Los asociados se obligan á no hacer venta alguna de género á ningún cargador que no sea cliente de los agremiados ó siendolo haya cedido á otro cargador no cliente ó fabricante no agremiado todos ó parte de los géneros comprados“.



Figura 5. Estatutos de la Compañía Exportadora, Agost, 1947. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

Artículo 14. „Los asociados se obligan á respetarse recíprocamente los clientes que cada uno tenga: Para lograr el exacto cumplimiento de esta obligación ocho días después de constituida la sociedad presentará cada uno en el domicilio social lista de sus clientes“.

Artículo 15. „Los asociados se obligan a cederse género unos á otros al precio de tarifa cuando les fuesen pedidos no pudiendo negarse á proporcionarlos sin junta causa acreditada“.

Unión Alfarera, S.a. Sociedad mercantil de Petrel de 1929 (Nota 2)

„Tercera - El objeto de la asociación es á saber: a - Evitar la competencia actual en la venta de los productos de los asociados por medio de la unificación de los precios de venta de los productos de los asociados. b - Clasificar los productos alfareros. c - Intensificar la producción y exportación de los mencionados productos en beneficio de las fábricas asociadas. d - Encargarse de la gestión comercial para la venta de los productos de las fábricas que se asocian: Cuarta. - Para el cumplimiento de los fines que constituyen el objeto de esta asociación, las fábricas asociadas facturarán íntegramente sus productos á la „Unión Alfarera S.a. á un precio único que se determinará por la Junta de Gobierno de la Asociación en cualquier época y en vista de los siguientes datos que le serán facilitados por los asociados: - a - Nota de los productos fabricados. - b - Nota de los gastos generados de fabricación. - c - Nota de las amortizaciones y gastos generados, y - d - Nota de las existencias de primeras materias y de los productos en fabricación al final de año. - Quinta: - La Asociación se encarga de realizar todas las ventas de los productos fabricados por los asociados, y que éstos habrán de fabricar, clasificados por clases con arreglo al precio de venta regulado conforme á la base anterior. - Sexta. - Las fábricas asociadas no podrán realizar directa ni indirectamente venta alguna de sus productos ni aún en el caso de recibir directamente pedidos de compradores sinó que trasladarán estos á la Unión Alfarera S.a. para que los cumpli-

mente. – Novena – Cuando la demanda de productos sea inferior a la normal producción de las fábricas asociadas, éstas disminuirán su producción por partes iguales hasta obtener el equilibrio“.

Compañía Exportadora de Alfarería de Agost, Petrel y Sax de 1947 (Nota 3)

„Artículo 10. – Para el cumplimiento de sus fines de exportación y venta de productos de alfarería, la Sociedad adquirirá la mercancía efectuando sus compras en las Fábricas de Alfarería...“

Artículo 11. – Cada uno de los socios de la Compañía se compromete de suministrar a ésta, durante el estatutario plazo prefijado de diez años, la totalidad de la producción alfarera

„Artículo 13. – A los clientes-compradores la Compañía les ofrecerá todos los géneros que los socios suministradores tuviesen disponibles para la venta, determinando la fábrica de procedencia y el precio resultante de cada producto ofrecido. No obstante, con el fin de que todos los socios suministradores queden equiparados en lo posible en porcentaje de venta, en relación a la capacidad de producción de las respectivas fábricas, la Compañía ofrecerá y venderá a los clientes-compradores durante el mes de Junio de cada año, a precio mínimo de exportación resultante en tal época, únicamente los productos fabricados por los socios que en relación a su respectiva producción, hubiera tenido menos coeficiente de venta durante el año; este plazo de un mes en favor de los socios suministradores que menos hubieran vendido, podrá prorrogarse cuando las circunstancias excepcionales lo aconsejen...“.

Todos estos artículos atestiguan que el primer objetivo es la promoción de la venta de alfarería, puesto que el género principal producido es el mismo en todos los talleres de Agost, Petrel y Sax, por lo cual las fábricas se encontraron siempre en una situación competitiva.

Mientras que en 1911 cada alfarero asociado realiza la venta directamente en su fábrica

aplicando los precios establecidos por la Junta General, en las asociones posteriores la venta queda enteramente en manos de la asociación según los artículos citados (figura 6).

Figura 6. Factura de la Compañía Exportadora, Agost, 1955. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

Los socios de la Compañía Exportadora reciben un número cada uno (figura 7) con el cual el cliente hace su pedido sin conocer el nombre del taller en cuestión. Un Consejo de Vigilancia controla las cantidades de producción establecidas según el número de alfareros trabajando. Aparece en las fábricas y vigila las cocciones autorizadas

Entre todas las fábricas siempre hay algunos cuyo género está menos solicitado que de otras lo que hace parar la producción de las preferidas en el mes de junio hasta que la

venta respectiva a la producción haya llegado a la relación determinada. No extraña que esta condición causara las primeras infracciones de manera que algunos estable-



Figura 7. Compañía Exportadora, Balance de Contabilidad de la alfarería José Payá Maciá, Agost, 1951. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

cen otra fábrica bajo otro nombre y fuera de la Compañía Exportadora. Con ella pueden vender toda la producción sin límites. „Feta la llei, feta la trampa“, es el comentario de los alfareros que han conocido esta experiencia.

Seguramente los fines de la Compañía Exportadora son demasiado ambiciosos en su afán social y de igualdad. Por el contrario, los de la Unión Alfarera de 1911 pretenden un régimen demasiado democrático cuando se exige que la Junta de Gobierno, compuesta por todos los asociados, se reúna todos los

domingos y que los acuerdos se tomen por unanimidad según los artículos 22 – 25 (Nota 1):

Artículo 22 – La Junta General es la reunión de todos los asociados.

Artículo 23 – Las Juntas Generales serán ordinarias y extraordinarias.

Tendrá lugar la Junta General ordinaria todos los Domingos en el domicilio de la Sociedad y se reunirá extraordinariamente cuando lo crea necesario la Junta Directiva ó cuando lo soliciten tres socios por lo menos por medio de instancia dirigida a la Junta Directiva

Artículo 24 – Los acuerdos solo serán obligatorios cuando se tomen por unanimidad de todos los socios salvo cuando el acuerdo recaiga sobre la imposición de una multa ó exclusión de algún socio en cuyo caso se prescindirá de su voto.

Artículo 25 – Cuando no asistiera a una reunión de la Junta General la totalidad de los asociados podrán los presentes deliberar y presentar todas cuantas proposiciones consideren oportunas pero los acuerdos que tomen aunque lo sea por unanimidad de los asociados asistentes fuese cualquiera en número solo tendrán carácter de proposición. En dicho caso se consignarán en el acta de la sesión de la Junta General en que fuesen aprobados por los socios asistentes con expresión de esta circunstancia y se notificarán por el Presidente á los socios ausentes en el término de veinte y cuatro horas por medio de cédula por duplicado afin de que enterados presten su aprobación á tales proposiciones ú la recurrieran y logrados esta ó sea la de todos los socios será entonces válido y obligatorio el acuerdo

Mientras que la *Compañía Exportadora* se disuelve poco a poco extraoficialmente antes de cumplir los diez años la *Unión Alfarera de Agost*, probablemente acaba con el inicio de la Guerra Civil en 1936.

A pesar de que estas asociaciones obviamente no tuviesen una larga duración, eran importantes y dejaron sus huellas por lo menos en los catálogos y las listas de precio que los alfareros siguen utilizando (figuras 8-10). Aún hoy se edita una lista de precios anualmente como tomando como modelo la de las asociaciones citadas, si bien que no hay ningún compromiso establecido (figura 11). Al principio todas las asociaciones favorecieron a todos los alfareros por el aumento y mantenimiento riguroso de los precios.



Figura 8. Catálogo de la *Sociedad Unión Alfarera* de Agost, hacia 1930. Fuente: Archivo Ilse Schütz.




Figura 9. Lista de precios de la *Compañía Exportadora*, Agost, 1950. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

Muy diferente a las tres sociedades comerciales es la *Sociedad de Obreros Alfareros y Similares <El Avance>* de Agost (Nota 4), establecida en 1936 y perteneciente a la Unión General de Trabajadores de España (figura 12).

Sus objetivos están redactados en los artículos 1^o – 4^o (Nota 4).

Artículo 1.º Con el nombre de <El Avance>, queda constituida en esta villa de Agost, una sociedad que tiene por objeto el mejoramiento moral y material de sus asociados, y para conseguirlo pondrá en práctica cuantos medios estén a su alcance, conforme a las más sanas reglas de justicia y razón.

Artículo 3.º Podrán pertenecer a esta Sociedad todos los obreros, varones o hembras, del ramo de alfarería de esta villa, como oficiales de rueda, cargadores de borno, peones, acarreadoras, amasadores, tejeors, que-



Figura 10. Lista de precios de la *Compañía Exportadora*, Agost, 1952. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

Figura 11. Lista de precios de Industrias Alfareras de Agost, 2008. . Fuente: Archivo Ilse Schütz.

madores, envasadores, bordadoras, contadores de obra, y en general, todos aquellos que directamente intervengan en la fabricación de objetos de alfarería o en los trabajos accesorios, propios de dicha industria.

Artículo 4.^o Los asociados deberán ayudarse mutuamente para que no les falte trabajo y sean respetados sus derechos en todo momento.



Los estatutos están firmados por Miguel Mollá (Chorro, 1893-1965), J. (José) Payá (Maciá, 1904-1995), Ricardo Gironés (Ivorra, 1899-1974), Francisco Román (Vasalo, 1919-1985), Juan Morant (Brotons, 1896-1964), José Martínez (Torregrosa, 1913-1993), E. (Eusebio) Román (Brotons, 1911-1978), Francisco Román (Jover, 1916-1992), Tomás Román (Ivorra, 1917-?), todos ellos hijos y yernos respectivamente de dueños alfareros (Nota 5). En la asociación se admiten *todos los obreros, varones o hembras, del ramo de alfarería*, lo que evidencia su carácter sindical. Seguramente estos fundadores jóvenes se unieron con la esperanza de liberarse un poco del régimen patriarcal (Nota 4, art. 3.^o).

Desgraciadamente, el documento de los estatutos no se conoció en los años 1980 cuando todavía vivían algunos de los fundadores. Mientras que la autora en aquellos años los entrevistó y recogió información sobre la Compañía Exportadora ninguno de ellos mencionó la asociación <El Avance>.

El estudio de las asociaciones de la alfarería de Agost las relaciona con fenómenos de la sociedad fuera del propio aspecto cerámico, por lo cual las investigaciones cerámicas deberían incluir los aspectos culturales, económicos y sociales.



Figura 12. Estatutos de la Sociedad <El Avance> de Agost, 1936. Fuente: Archivo Museo de Alfarería. Agost.

BIBLIOGRAFÍA

RICO NAVARRO, M^a Carmen, *Del Barro al cacharro*. Petrer, 1996.

SCHÜTZ, Ilse, *Agost, ein Töpferzentrum in Europa*. Bamberg, Otto-Friedrich-Universität, 2006.

SCHÜTZ, Ilse, „Verkaufsstrategien am Beispiel der Töpferei von Agost (Alicante, Spanien)“ en Mennicken, Ralph (ed.), *Keramik zwischen Rhein und Maas*. (Beiträge zum 38. Internationalen Hafnereisymposium des Arbeitskreises für Keramikforschung). Raeren (Belgien), 2006, pp. 231-235.

NOTAS

1 Estatutos de la *Unión Alfarera* de Agost, 1911. Ajuntament de Novelda, Arxiu Històric, no. B. 9.426.697.

2 Estatutos de la *Unión Alfarera S.a.* de Petrel, 1929. Fuente: Registro Mercantil de Alicante, no. 007939.

En los documentos aparece el nombre de „Petrel“ que hoy es „Petrer“.

3 Estatutos de la *Compañía Exportadora*, Agost, 1947. Fuente: Archivo Ilse Schütz.

4 Estatutos de la Sociedad <El Avance> de Agost, 1936. Fuente: Archivo Museo de Alfarería, Agost.

5 Para una información completa se añaden los nombres y años de vida entre paréntesis.

XIV CONGRESO DE CERAMOLOGÍA. SEXTA COMUNICACIÓN

SARGADELOS A TRAVÉS DA CERÁMICA

Elisa Pérez Vázquez

O COMPLEXO INDUSTRIAL DE SARGADELOS

En 1806, dous anos despois da súa fundación, comeza a produción na Real Fábrica de Louza de Sargadelos, situada na entón freguesía e hoxe parroquia de Santiago de Sargadelos. A idea, que xorde na mente ilustrada de don Antonio Raimundo Ibáñez (Ferreirola, Santa Eulalia de Oscos, 1749 - Ribadeo, 1809), consistía en construír un complexo industrial que, alén da fábrica de louza, obxecto desta ponencia, incluíría unha siderurxia, unha fábrica de vidros e outra de produtos téxtiles. Estas dúas últimas non chegaron nunca a abrir as súas portas.

Este proxecto industrial baséase nunha moi moderna idea. Antonio Raimundo Ibáñez dáse conta de que existe unha demanda interior de produtos que se importan do estranxeiro -louza inglesa, potes de ferro de Burdeos- e decídese a fabricalos el mesmo. Para iso, levanta as instalacións fabrís ao pé mesmo das materias primas e das fontes de enerxía. E é por este motivo polo que decide construír o complexo en Sargadelos, xa que pretende aproveitar os recursos que o lugar lle ofrecía: depósitos de ferro, arxilas (e, dentro destas, o caolín), cuarzo e pedernais -todo isto como materias primas-; tamén as grandes extensións de monte común e a existencia dos ríos Xunco e Rúa -como fontes de enerxía-. Con obxecto de optimizar os recursos e por Real Orde, acomete unha repoboación do monte para garantir a provisión de madeira -coa que se obtiña carbón vexetal para as fábricas e tamén constrúe no río Xunco unha canle e unha esclusa que proporcionan a enerxía necesaria para mover as máquinas e os muíños. Outro elemento de progreso que introduce nestas fábricas é a división racional do traballo, xa que se separan a parte administrativa e a técnica.

Ibáñez constrúe os edificios que albergan as factorías e un pazo desde o que pode gobernar a súa industria. Tamén dota as instalacións de edificios que servirán de mesón para os operarios, vivendas para técnicos, almacéns, carboeira, e dunha casa para xestionar o complexo (actual Museo Histórico de Sargadelos, tamén coñecido como Casa da Administración).

Por último, importa maquinaria e tecnoloxía estranxeiras e tamén persoal técnico, sobre todo de Inglaterra e Francia, que ensinan á poboación local as técnicas máis modernas, tanto na produción de ferro como na de cerámica.

Son moi numerosos os contributos de Antonio Raimundo Ibáñez á historia da industria na Galiza e, en xeral, no Estado español. Para levar a cabo a súa empresa, tivo que lidar con moitos problemas, xa que topou coa oposición, en primeiro lugar, do clero e da fidalguía dunha ampla zona na área de Sargadelos, que vían ameazadas as súas posesións e os seus ancestrais privilexios. Contodo, a forza máis importante fixérona os campesiños, xa que os seus tradicionais modos de vida houberon de ser cambiados en beneficio do progreso. Por iso, instigados polo clero rural e pola fidalguía, rebeláronse nun motín o 30 de abril de 1798. Os campesiños rexeitaban a instalación das fábricas no lugar, porque os dereitos de explotación do monte bravo común foran cedidos pola concesión Real a Ibáñez. Grazas a este monte subsistían os labradores de menos recursos -que eran a maioría- porque nel pastaba o gando e porque o monte proporcionaba braña, toxo e felga para estrume das cortes e abono para os cultivos; e proporcionaba tamén leña e madeira para os apeiros de labranza, para as casas e para fabricar unha grande diversidade de produtos destinados á venda.

Outra das razóns da oposición veciñal á instalación da fábrica era esta: Ibáñez obrigaba os habitantes do lugar a carretar o carbón desde o monte até as fábricas e, aínda que lles pagaba por esta tarefa, os campesiños queixábanse de que era moi pouca a remuneración que obtiñan por este labor que os tiña afastados dos traballos do campo e que producía un grande desgaste no gando e nos carros.

Toda esta situación desembocou no motín de 1798, co que pretendían destruír o complexo industrial e acabar coa vida do ilustrado Ibáñez. Este conseguiu fuxir de Sargadelos, pero foron arrasadas e queimadas todas as edificacións que levantara, incluído o seu pazo coa capela. A historia remata no xuízo en que os instigadores e os campesiños son duramente castigados. Ibáñez soubo negociar ben e obtivo unha indemnización do Estado que lle permitiu reconstruír as instalacións para volver a producir.

A FIGURA DE DON ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ

Fillo dun escribente e dunha dama da fidalguía local, despois de asistir á escola en Ferreirola na súa infancia, puido ter unha formación en Latín, Grego, Matemáticas e Ciencias Naturais estudando cos frades de Vila Nova de Oscos. Cando conta dezaoito anos, trasládase a Ribadeo para traballar ao servizo da casa Guimarán -importante empresa dedicada fundamentalmente ao comercio-, propiedade de don Bernardo Rodríguez Arango y Mon. Á morte deste, en 1767, Antonio Raimundo pasa a ser mordomo da casa e apoderado de don Bernardo Felipe Rodríguez Arango, fillo do finado. Parece ser que Ibáñez empezou a facer fortuna nunha viaxe que fixo a Cádiz en 1773 coa

encomenda de cobrar unhas rendas da familia nese lugar. Estando alí, Antonio Raimundo observou que o aceite de oliva era máis barato que no norte da península, polo que decidiu investir o diñeiro que cobrara polas propiedades dos Rodríguez Arango na compra dese produto e enviouno a Ribadeo por mar. Xa de volta na vila, a familia non quixo facerse cargo de tal empresa e esixíulle o reintegro íntegro do cobro das rendas. O noso home conseguiu vendelo todo obtendo un beneficio do dobre do capital investido, polo que puido devolver o diñeiro aos Rodríguez Arango e aínda puido gardar para si unha pequena fortuna.

Aínda que existen documentos que falan desa viaxe a Cádiz, o episodio do aceite non consta en ningún escrito. Así conta a historia a tradición oral.

En 1774 independízase da familia Guimarán e contrae matrimonio con dona Josefa López de la Prada, coa que tivo dez fillos. Tamén nese mesmo ano é elixido Deputado do Común do Concello de Ribadeo ao tempo que don Joaquín Cester é designado Persoeiro do Común no mesmo cabildo. É este un dato importante xa que a amizade que o unirá a este home, que fora director das Reais Fábricas de Talavera de la Reina, podería ter influido nos seus futuros proxectos industriais. Por estes anos, vai forxando a súa fortuna co comercio de augardente, cereais e liño.

Por volta de 1787 proxecta Antonio Raimundo a creación dun complexo industrial na freguesía de Santiago de Sargadelos. En 1791, despois dunha negativa real en 1788, obtén a Real Cédula de Concesión que lle permite abrir a fábrica de fundición -que comeza a funcionar un ano despois- e explotar os montes comunais de seis leguas de cir-

conferencia en Rúa e Buio. En 1806, cando xa levaba dous anos facendo probas, consegue a correspondente Real Cédula de Concesión para fundar a fábrica de louza “a imitación da de Bristol”. Por último, en 1808 acopla materiais para levantar xunto á fundición unha fábrica de vidros ao tempo que espera a chegada de técnicos e operarios alemáns para comezar a traballar.

Pero a Ibáñez non lle dá tempo de completar a súa obra; en 1809 é asasinado en Ribadeo por un destacamento inglés dirixido polo Xeneral Worster e aliado da tropa española, que entrara na vila para expulsar o



exército francés liderado polo Xeneral Fournier. A dona e unha das súas fillas tamén morren aos poucos días, despois de seren arrestadas polo mesmo exército. A Ibáñez apresárono -acusándoo de afrancesado- cando estaba a fuxir da vila levando consigo parte da súa fortuna en metálico (40.000 reais, segundo Bello Piñeiro). Despois de matalo, pasearon o seu cadáver espidido pola vila e roubáronlle todo o que tiña nese momento, polo que a súa familia ficou nun delicado estado económico após o seu pasamento. Deste xeito rematou a vida dun ilustrado da periferia do Estado español que chegou a ser retratado polo mesmo Goya nunha imaxe que custodia a colección Epstein do Museo de Baltimore (E.E.U.U.). Ademais, ao longo da súa vida, recibiu varios nomeamentos -Comisario de Mariña e Ultramar de Viveiro e da Real Orde de Carlos III-, así como varios títulos nobiliarios dos que non chegou a tomar posesión: Conde de Orbaiceta e Marqués de Sargadelos.

HISTORIA DA FÁBRICA DE LOUZA

Para explicar brevemente cal foi o devir da fábrica de louza seguirase a tradicional división por épocas que a principios do século XX fixera Felipe Bello Piñeiro, primeiro grande estudioso da cerámica antiga de Sargadelos. Chegados aquí, cabe recordar que as persoas interesadas neste tema poden admirar unha grande cantidade e variedade de pezas en coleccións públicas, entre as que destacan as do Museo Provincial de Lugo, do Museo Provincial de Pontevedra, do Museo de Belas Artes da Coruña, do Museo de Bellas Artes de Asturias (Oviedo) e tamén do Museo Histórico de Sargadelos.

1ª época: 1806-1832

Despois do asasinato de Antonio Raimundo Ibáñez, faise cargo das fábricas o seu primo-xénito, José Ibáñez, que será axudado nesta tarefa pola súa esposa, dona Anita Varela, e polo tío materno, Francisco Acevedo. Para dirixir a fábrica de louza traen un portugués, Antonio Correia de Sá. Este abandona o posto en 1829 para establecer en Cervo a súa propia factoría, proxecto que non chega a ver consumado. No cargo é substituído por Hilario Marcos, que procedía de Santo Domingo de la Calzada.

Polo que respecta á produción, nesta época comézase traballando con unha variedade de louza, a “cream-ware”, coñecida polo seu nome inglés porque alí fora descuberta nos mediados do século XVIII. Algúns autores apuntan que a variedade característica da segunda época (a “pearl-ware”) aparece xa nestes momentos, sen embargo outros decántanse por pensar que na primeira etapa só se produce “cream-ware”. Si parece certo que se fan ensaios coa porcelana xa en 1812 e, de feito, a dirección da fábrica dalle o nome de “Real Fábrica de Loza y Porcelana” en 1813. Consegúronse pezas en porcelana dura, fina e de ton branco perla, mais nunca chegou a comercializarse.

O tipo de pezas que se crea é moi variado e abrangue tanto **obra decorativa** -placas conmemorativas e de asunto relixioso; imaxes relixiosas, pías e benditeiras; bustos e ánforas de xardín; floreiros de varios tipos, entre os que destacan os de “dedos” ou “mans”, que serán tan populares durante toda a historia da fábrica; figurinas pintorescas de cans- como **obra utilitaria**: vaixelas e botes de farmacia. Na primeira época a decoración apenas existe e límitase a fileteados en azul ou vermello e tamén a iniciais en ouro.

En 1832 prodúcese a primeira interrupción da produción na fábrica, debido fundamentalmente a problemas económicos. José Ibáñez queixábase de que o novo director, Hilario Marcos, perdía o tempo en facer ensaios inútiles e que non respondía ao gasto nin ás expectativas con que fora contratado.

2ª época: 1835-1842

En 1835 a fábrica volve a abrir as súas portas despois de que a familia Ibáñez establecera unha sociedade con un sevillano, don Antonio de Tapia y Piñeiro. Un ano despois morre José Ibáñez e faise cargo do complexo a súa esposa, dona Anita Varela. A dirección encárgaselle a un francés chegado de Turín, M. Richard, que trae a traballar a Sargadelos persoal técnico francés, andaluz e levantino.

Con respecto á produción, entre 1835 e 1842 renúnciase ás tentativas de conseguir porcelana, fábranse dúas variedades de louza, as xa citadas “cream-ware” e “pearl-ware”. A primeira delas, por ser de menor calidade, véndese a un máis baixo prezo como unha louza de segunda categoría. Por un catálogo de venda de 1837, sabemos que neste período prodúcense pezas pintadas que, como é lóxico, véndense máis caras que as brancas. Debemos sinalar que até o día de hoxe non podemos admirar as mencionadas pezas pintadas nin tampouco as estampadas que, segundo algúns documentos, se produciron xa nesta época.

As formas elaboradas son as mesmas que na primeira época (placas, vaixelas, figurinas...), mais debemos engadir uns tipos de pezas que son exclusivos desta etapa: trátase dos candelabros de unha ou tres luces en forma de torreciñas e dos centros de mesa en forma de castelos. Estas pezas fabricáronse

coa variedade do “pearl-ware”, polo que tiñan unha tonalidade azulada e un acabado final moi brillante.

En 1842 a fábrica padece problemas económicos e ten que suspender a produción. As dificultades legais co socio dos Ibáñez, don Antonio de Tapia y Piñeiro, provocan que a liquidación da sociedade se prolongue até o ano 1844.

3ª época: 1845-1862

En agosto de 1845 a familia Ibáñez arrenda a fábrica por un espazo de quince anos á empresa de don Ramón Piñeiro, que tiña tamén alugada desde cinco anos antes a fábrica de fundición por un prazo de vinte anos. O arrendatario, á súa vez, traspasa os dous arrendos á sociedade de don Luis de La Riva y Compañía, que explotará intelixentemente as dúas fábricas até 1860.

En 1847 é nomeado director un home natural de Burslem e procedente dunha familia moi ligada á fabricación de louza na rexión inglesa do Staffordshire, Mr. Edwin Forester, que permanecerá no cargo até o novo peche en 1862. Con Forester chegamos á etapa de maior esplendor da fábrica de louza, xa que se encarga de incorporar as últimas novidades industriais de Inglaterra: a decoración mecánica e a mellora da calidade das pastas.

Deste período consérvase o maior número de pezas, case todas elas decoradas empregando a técnica do estampado e realizadas, na súa maioría, con dous novos tipos de louza: “China opaca” -ou louza fina feldespática- e louza fina de pedernal. A produción céntrase agora case exclusivamente en obxectos utilitarios como vaixelas e pezas de

tocador, aínda que tamén se fabrican obxectos máis artísticos decorados á man como figuriñas, benditeiras, floreiros de cinco dedos ou os populares mambrús. Son estes vasillas antropomorfas que derivan dun modelo inglés chamado “Toby jug”.

Pero esta época tan esplendorosa tamén chegou á súa fin. Igual que nos peches anteriores, os numerosos problemas legais entre arrendatarios e propietarios provocan que se retrase até 1866 a entrega da fábrica á familia Ibáñez.

4ª época: 1870-1875

É esta a etapa de maiores dificultades para os Ibáñez. Don Carlos Ibáñez, neto do fundador, obstínase en abrir de novo a factoría, o que consegue en 1870 co consentimento dos seus dez irmáns. Axiña lle han de aparecer os problemas económicos e, xa en 1872, vese na necesidade de buscar un socio capitalista que invista o diñeiro preciso para pór a funcionar a fábrica a pleno rendemento. En 1873 don Carlos dá cos accionistas necesarios: Viuda de Atocha e Hijos e don Alejandro Morodo. Deste xeito, os tres forman unha sociedade que se chamará “Ibáñez, Atocha y Morodo”, mais a fábrica xa non consegue saír a flote. Os problemas de liquidez vense acrecentados por outras dificultades: a fábrica quedara xa isolada do resto do Estado español debido ao deficitario das comunicacións terrestres. Por outra parte, a competencia era moi grande porque a política librecambista do Estado desde mediados de século permitía a entrada de grandes cantidades de louza estranxeira. Por se isto fose pouco, a fábrica de Sargadelos perdera moitos dos seus clientes porque durante o período de 1862 a 1870, en que estivera pechada, deixara desatendidas todas as casas

comerciais que se surtían da súa louza. Por último, Sargadelos tamén perde en 1869 a exclusividade de explotación das minas de terras refractarias de San Cibrao e de Burela.

Con respecto á produción, nesta etapa non hai ningunha novidade: fábricase o mesmo tipo de louza que vimos na etapa anterior; coas mesmas pastas, as mesmas formas e os mesmos decorados.

HISTORIA DAS FÁBRICAS DESDE O SEU PECHÉ ATÉ A ACTUALIDADE

Como acabamos de ver, as fábricas pecharon as súas portas -para non as volver a abrir- en 1875, deixando a familia Ibáñez na máis completa ruína. Pouco a pouco, todas as súas propiedades foron embargadas para seren subastadas publicamente. Os donos foran incapaces de afrontar os gastos de mantemento que ocasionaba todo o complexo, que incluía as fábricas, os terreos e o pazo. Deste xeito, a maior parte do patrimonio dos Ibáñez foi parar ás mans da Marquesa de Cienfuegos (dona María Antonia de Madariaga y Muñoz Salazar, viúva de don José de Perterra y Albuerno) e esta legou todo o conxunto a don Javier López y García Bandujo, que conservou a propiedade até 1908.

Antes desta data produciuse unha tentativa de reabertura da fábrica de cerámica, aínda que cambiando a ubicación. Resumimos de xeito esquemático a historia deste breve episodio:

- O 27 de marzo de 1901 créase unha Sociedade Anónima denominada “Cerámica de Sargadelos”. O principal accionista é don Javier López, que ademais aporta á sociedade os edificios das antigas fábricas de Sargadelos e os seus arredores, é dicir,

as instalacións hidráulicas que proporcionaban a enerxía ao complexo industrial construído por Ibáñez.

- En 1903 abre as súas portas en Burela a “Cerámica de Sargadelos” coa intención de fabricar todo tipo de pezas cerámicas, incluída a louza, aínda que nun primeiro momento a produción limitárase a materiais refractarios. A factoría ubicábase en Burela seguindo o consello do novo director técnico da fábrica - don Ciriaco Guisasaola y Vigil- porque esta poboación contaba con porto. Aforrábase o traslado de mercadorías do punto de carga e descarga até á fábrica e tamén se eliminaba o custe que ocasionaba o mantemento dun almacén na zona portuaria. Tamén se tivo en conta a grande riqueza de materias primas que posuía Burela, tanto de arxilas refractarias como de caolín e feldespatos. O novo conxunto estaba o suficientemente cerca de Sargadelos como para aproveitar as antigas instalacións hidráulicas. Fíxose chegar a Burela un tendido eléctrico que traía a enerxía producida pola central situada ao final da canle aberta no século XIX en Sargadelos, central que aproveitaba a caída dun salto de auga duns 11 metros. A finalidade de “Cerámica de Sargadelos” era a de competir co ladrillo inglés, que por aquela altura se importaba en grandes cantidades.
- En febreiro de 1905 analízase en dous proxectos encargados por “Cerámica de Sargadelos” a posibilidade de fabricar louza, tanto branca como pintada e estampada, e tamén a de producir tuberías de gres.
- En marzo de 1905 Ciriaco Guisasaola demanda algunhas concesións, entre elas a subida do soldo; ao non sérenlle concedidas abandona Burela no mesmo ano. Con el, pérdese o proxecto para fabricar louza.

- En 1908 “Cerámica de Sargadelos” é obxecto dun embargo. Francisco Argüelles y Sierra -secretario da fábrica e un dos accionistas maioritarios da Sociedade- adquire por adxudicación xudicial os bens da Sociedade, que incluían as fábricas de Burela e os terreos e instalacións hidráulicas de Sargadelos. Argüelles contribuíra con estes bens a unha nova sociedade: “Leandro Cucurny y Compañía”. Os novos propietarios da fábrica limitáranse a elaborar produtos refractarios, abandonando a idea de producir louza.

A idea de recuperar a produción da louza de Sargadelos non verá a luz até case un século despois do peche da antiga Real Fábrica. O reinicio da actividade conséguese por fin grazas ao esforzo do Laboratorio de Formas, unha institución sen ánimo de lucro fundada en 1963 por dous intelectuais galegos emigrados na República Arxentina: Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. A eles unírase na Galiza o arquitecto Andrés Fernández Albalat. Un dos proxectos do Laboratorio de Formas defendía a restauración da actividade industrial en Sargadelos aproveitando os recursos da zona para satisfacer necesidades -igual que fixera Ibáñez-. Este obxectivo viuse realizado en 1970, cando se inaugura a planta circular da “Fábrica de Cerámica de Sargadelos”. O proxecto fora encargado en 1965 a Albalat e, por suxerencia de Seoane, inspírase nas citanias celtas. Recupérase así unha forma galega que propicia a produción contínua ao tempo que permite separar os espazos sen impedir a comunicación.

En 1972, o complexo industrial complétase coa fundación do “Seminario de Estudios Cerámicos”, o centro que estuda e crea o deseño das pezas de porcelana, tanto na súa forma como na decoración. O informe *Sar-*

gadelos. Pasado, presente y futuro de una experiencia industrial, publicado polo Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, explica os puntos en que se concreta a actividade da Fábrica e tamén do mesmo Seminario na seguinte pasaxe, que transcribimos literalmente:

a) *Proxección industrial que fai útil e pragmático o que se vai desvelando.*

b) *Investigación de materiais e tecnoloxía desde a fundación dun Instituto de Minerais que estuda e beneficia materias primas, pasando pola colaboración con centros de investigación de ciencia básica, até o estudio e desenvolvemento técnico de novas industrias.*

c) *Estudo dos sistemas de comunicación que incide no deseño das formas dos obxectos.*

d) *Divulgación e intercambio de coñecementos.*

e) *Investigación libre de formas e tecnoloxía en cursos programados, experiencias e encontros estívolos e iniciativas persoais.*

f) *Fomento dos estudos sargadelianos e apoio a toda manifestación e estudo da cultura galega.*

Chegados aos anos 80, a planta circular tórnanse pequena, polo que Díaz Pardo decide ampliála construíndo a planta rectangular. A nova fábrica de cerámica de Sargadelos produce o vello soño dos Ibáñez, é dicir, a ansiada porcelana. Con ela crea produtos utilitarios -xogos de mesa- e tamén unha grande variedade de obxectos decorativos como figuras, xoias, e un longo etcétera. Produce ademais evolucións de pezas da Real Fábrica de Louza tan significativas como os mambrús ou os floireiros de dedos. Tamén crea pezas conmemorativas, ben por encarga ou ben por iniciativa propia. Os des-

eños inspíranse sempre nas formas tradicionais da arte e da cultura galega en xeral.

A Fábrica de Cerámica de Sargadelos recupera materiais, elementos, formas e tecido humano sempre galegos. Unha das súas peculiaridades é a autarquía nas técnicas, xa que posúe unha tecnoloxía propia con catro patentes para fabricar porcelana.

Con respecto ás instalacións do que foran as Reais Fábricas, os edificios caeron na máis completa ruína desde o seu peche en 1875. En 1878, despois de que foran embargadas todas as propiedades da familia Ibáñez, estas son adquiridas en subasta pública pola Marquesa de Cienfuegos, de Oviedo, que á súa vez, como xa vimos, as lega ao seu sobriño: don Javier López y García Bandujo. Cando en 1903 se abre en Burela “Cerámica de Sargadelos”, a maquinaria que había nas fábricas levouse para a nova factoría e o pouco que a nova sociedade deixou en Sargadelos foi pouco a pouco expoliado até que desapareceron practicamente todos os moldes e pranchas gravadas que no seu día se empregaran na produción de louza. Os edificios foron caendo no olvido e incluso foron dinamitados polo seu propietario, don Javier. O único que se conservou en relativo bon estado até 1917 -data en que as propiedades, exceptuando a Casa da Administración, son adquiridas pola familia Taladriz, actual propietaria- foron o pazo e a Casa da Administración. Os edificios que formaron parte da fábrica de fundición foron adquiridos polo Concello de Cervo en 1980 e na actualidade espérase que poidan ser convenientemente restaurados e conservados de un modo sustentábel. As ruínas do que no seu día fora Real Fábrica de Louza son actualmente de propiedade privada e o seu estado é realmente lamentábel. A Casa da Administra-

ción, propiedade da Consellería de Cultura, é a sede do Museo Histórico de Sargadelos e atópase nun estado aceptábel de conservación; o mesmo ocorre co pazo, de propiedade privada.

